

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 8 de abril de 2019 aprobou a modificación do Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).



Modificación do Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa sesión do 8 de abril de 2019, acordou modificar o artigo 5 do Regulamento para asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna. A modificación acordada ten por obxecto establecer, mentres non se elimine a bolsa de profesores e profesoras titulares acreditados a cátedra, unha reserva de prazas co fin de posibilitar a promoción daquelas persoas que forman parte desa bolsa desde non menos de cinco anos e que chegarían á idade de xubilación forzosa sen teren a opción de concorrer a unha cátedra. O texto queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 5. Criterios de asignación das prazas

No caso de haber máis solicitudes que prazas procederase a realizar a asignación atendendo ao criterio de antigüidade na acreditación ao corpo de catedrático de universidade. Non obstante, en cada convocatoria reservarase un 5% do total de prazas ofertadas para posibilitar a promoción do profesorado que, levando acreditado un mínimo de cinco anos con anterioridade á data da convocatoria, se xubile forzosamente no ano inmediatamente posterior ao desta. De non existir candidatos á promoción en que concorran estas circunstancias, as prazas reservadas engadiranse á oferta xeral.

As prazas de promoción interna asignaranse ás áreas de coñecemento unha vez ordenadas as solicitudes formuladas polos departamentos por data de resolución de acreditación ao corpo de catedrático de universidade, da data máis antiga á mais recente.

No caso de que o número de solicitudes sexa igual ou menor que o de prazas ofertadas, unicamente se asignarán as prazas de catedrático de universidade a aquelas áreas de coñecemento que formularan solicitude.

Os casos de empate resolveranse segundo os principios de antigüidade e prelación do PDI recollidos na normativa sobre o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador para efectos internos na USC, aprobada por Consello de Goberno.

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/04/2019 10:18:09.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/04/2019 15:11:56.

CSV: F8E2-3C28-45A6-B732